

Aki Shimazaki

Maimai

Tras unha violenta chuvieira, o ceo clarea axiña. A solleira pega sobre as tellas das cubertas. Estamos a luns. Esta tarde vai ser moi calorosa e húmida.

Estou ante a xanela e observo a acuarela que acabo de terminar. Un caracol reptá por unha folla de fisalis. Cos tentáculos fóra, diríxese cara ao talo de onde colgan os froitos, de cascabullos verdes.

Son case as doce. Sigo en pixama. Aínda non teño fame, mais si moita sede. Vou á cociña e tomo un vaso de auga da billa. Mentres bebo, penso en Mina. Envieille hai nada unha mensaxe propoñéndolle unha cita para mañá.

Hai seis meses que saímos xuntos. Ela ten vinte e catro anos, dous menos ca min. Gústame, mais non dou imaxinado un futuro xuntos, casados ou non. Sexa cal for a súa intención, teño que falarlle con honestidade dos meus sentimentos.

Polo xeral, Mina respóndeme nunhas horas. Collo o móbil e vexo un só nome: Y. Shimizu. É a miña avoa, á que lle chamo *Bâchan*¹. Estráñome, xa que case nunca me escribe. En canto leo a súa mensaxe, quedo petrificado. «Morreu mamá.»

Que?! Paralizado, cravo a mirada nesas dúas palabras.

Non sei cantos segundos ou minutos pasaron. Á fin volvo en min. Preocúpome por *Bâchan*. Aterrada, debeu de perder a calma e non foi quen de engadir detalles. Ademais, aínda non está afeitada ao seu teléfono. Decátome de que xa pasou unha hora desde que recibín a súa mensaxe.

1 As palabras en cursiva recóllense nun glosario ao final da obra.

Teño que responderlle, mais trémeme a man. Respiro fondo e finalmente escribo: «Chego decontado. Tarô».

Poño a toda présa unha camiseta e uns vaqueiros. Collo a mochila e apresúrome a saír do piso, corro cara á rúa principal. As beirarrúas molladas reflicten a luz do sol ardente. Xa estou a suar.

Fago un sinal, e un taxi detense ante min. A porta automática ábrese e subo con torpeza. Síntome incómodo, xa que só utilizo este transporte moi de cando en cando. Ten aire acondicionado, e o interior está moi fresco. As fundas brancas e amidonadas dos respaldos están impecablemente limpas. Esta cor evócame unha mortalla. O condutor, de mediana idade, vírase cara a min. As súas luvras tamén son completamente brancas. Sigo o movemento dos seus beizos.

—A onde vai?

Saco da mochila o meu caderno de notas, escribo o enderezo da miña nai e móstrolla. Ao lelo, faime outra pregunta que tamén entendo:

—Non fala xaponés?

Teño o pelo e os ollos castaños. Evidentemente cre que son un *gaijin*. Escribíño a miña resposta: «Son xaponés, mais son xordomudo. Bula, por favor. É urxente!». O condutor móstrase incómodo. Ponse en marcha sen engadir unha palabra.

Pola xanela, miro o ceo completamente despexado. Ao lonxe resplandece un arco da vella. Encarnado, laranxa, amarelo, verde, azul. As súas cores vivas recórdanme as flores da hortensia, que pinto moitas veces, sobre todo durante o apoxeo da floración. Cativado por este espectáculo da natureza, esquezo por un intre a gravidade da situación.

Repítome: «Morreu mamá? Como é posible? Tería un infarto?».

Vin a miña nai hai aínda non unha semana. Era luns, día en que pecha a súa librería de segunda man. Viñera visitar a biblioteca do meu barrio, unha das máis grandes da cidade. Xantamos nun restaurante familiar que está moi cerca do meu piso, e non percibín nela ningún problema de saúde. Ao contrario, tiña fame: comeu arroz, unha sopa, unha ensalada, unha costeleta de porco e verduras refogadas a fogo vivo. Faleille do cadro que hai pouco me comprou a bo prezo un coleccionista moi coñecido. Contenta, fíxome preguntas sobre as miñas actividades artísticas e sobre a miña vida en xeral. Respondinlle que todo ía ben. Antes de nos despedir, preguntoume: «Por certo, aínda non tes moza?». Deille unha resposta evasiva.

A mamá gustáballe moito fumar e beber. Collera estes hábitos aos vinte e poucos anos e nunca os deixara, agás durante o embarazo —eu son o seu único fillo—. *Bâchan* advertíaa dos riscos, mais a súa resposta era sempre semellante: «Prefiro morrer que deixalo».

Despois de cada comida, a miña nai fumaba varios cigarros no balcón ou no noso xardinciño. Daba caladas co ollar ora pensativo, ora ausente. O seu xesto era natural e elegante. Eu non coñecía ninguén máis que puidese fumar cun aquel tan pictórico. Facía esbozos desa pose súa tan digna. *Bâchan* anoxábase comigo: «Non lle deas ás!». A bebida favorita de mamá era a augardente, que tomaba mentres lía pola noite no seu cuarto. Eu temía que algún día lle saíse un cancro de pulmón ou de fígado, mais non esperaba que morrese tan pronto... Tiña cincuenta e oito anos.

Cociñar aburríaa. Era *Bâchan* quen nos preparaba uns pratos saudables e deliciosos. Cando ela non estaba na casa, mamá pedía comida a domicilio.

Como era a cabeza de familia, a miña nai traballaba arreo na súa librería, cousa que fixo até onte. Abriuuna hai

vinte e dous anos. Os seus libros eran caros, sobre todo do ámbito científico, e a miúdo pouco comúns. Malia todo, tiña unha clientela fiel, que incluía universitarios e coleccionistas. A súa tenda era toda a súa vida, e alí era insubstituíble. Ela mesma era unha lectora insaciable.

O sol brilla nun ceo azul claro sen nubes. Síntome raro. Mamá deixou este mundo por un tempo tan bo? Vexo de novo o seu perfil. Por un momento vénme á cabeza o seu único poema, que eu coñeza.

Maimai, maimai,
onde vas tan cargado?
Que levas nesa casa tan grande?
Unha pena, unha carga ou as dúas cousas?
Ah, só podes avanzar, coma a vida!
Forza, *maimai!* Adeus!

Recitoume este poema mentres observabamos un caracol no xardín. Eu tiña uns sete anos. Non entendía ben o significado das palabras «pena» e «carga». A pesar de todo, lémbrome ben da conversa que mantivemos nese momento.

Fágolle preguntas a mamá:

–O caracol múdase a outra casa coma o caranguexo ermitán?

Nega coa cabeza.

–Como fai a súa cuncha?

–Nace con ela e consérvaa toda a vida.

Quedo sorprendido:

–Nace con iso?

–Si.

O molusco ten os cornos estendidos de todo. Mamá tócaos e retráense decontado.

–Que lle pasa se se lle quebra a cuncha?
–Seca e morre, por desgraza.
–Precisa desa cuncha para sobrevivir?
–Si. Non é coma un caranguexo ermitán.
Cala un momento e engade:
–Quen ía querer levar a carga doutro? Cadaquén ten xa dabondo co seu.

O taxi detense diante da librería Kitô. Do outro lado do escaparate colga un letreiro de madeira: «Día de descanso».

O condutor vírase e sinálame o taxímetro coa man enlucada de branco. O seu xesto é educado, mais aínda parece incómodo. A porta automática ábrese. Ao saír, encóntrome de súpeto na humidade abafante de principios do verán.

